



XLIV TRAVESÍA AO DIQUE



A Coruña, 25 de xullo de 2015

1.-ORGANIZACIÓN

Correrá a cargo do Club Natación Coruña coa colaboración da Concellería de Deportes do Excelentísimo Concello da Coruña e a Federación Galega de Natación.

Rexeráse polo presente Regulamento, pola normativa do XII Circuito Galego de Augas Abertas e polas normas da Federación Española de Natación.

2.- DATA E HORA

Día 25 de xullo de 2015 ás 12.00 horas.

3.- CATEGORÍAS

CATEGORIA	MASCULINA	FEMININA
A	Nacidos en 2004 e post.	Nacidas en 2005 e post.
B	Nacidos en 2001, 2002 e 2003	Nacidas en 2003 e 2004
C	Nacidos en 1999 e 2000	Nacidas en 2001 e 2002
D	Nacidos en 1997 e 1998	Nacidas en 1999 e 2000
E	Nacidos entre 1990 e 1975	Nacidas entre 1990 e 1975
F	Nacidos entre 1974 e 1960	Nacidas entre 1974 e 1960
G	Nacidos en 1959 e ant.	Nacidas en 1959 e ant.
H	ABSOLUTA (sen limitación de idade)	ABSOLUTA (sen limitación de idade)

Na categoría H poderá participar calquera deportista nacido no ano 2000 ou anteriores que o solicite no momento da inscrición.

Non se admitirán cambios de categoría unha vez feita a inscrición.

4.-PERCORRIDO

O percorrido será de aproximadamente 1200 metros para as categorías A, B, E, F e G (Benxamíns, Alevíns e veteranos), 2300 metros para as categorías C e D (Infantil e Júnior) e 3500 para a categoría absoluta (H).

Os nadadores inscritos no **"XII CIRCUÍTO GALEGO DE AUGAS ABERTAS"** deberán realizar o percorrido correspondente á categoría absoluta (H).

5.- INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse vía telemática desde a ligazón que está na lista de travesías da web do Circuito Galego de Augas Abertas: (<http://fegan.fegan.org/travesias/>) e coa data límite do **mércoles 22 de xullo de 2015**. O custe da inscrición será de **5 €**

Unha vez feita a inscrición non se permitirán cambios na categoría de nado.

Os nadadores non federados menores de 18 anos, para a súa participación acompañarán unha autorización do pai/nai ou titor/a.

6.- TRAXES DE BAÑO

Non se permitirá o uso de neopreno. Os traxes de baño deberán axustarse á normativa da Federación Española de Natación para augas abertas.

7.- TROFEOS E PREMIOS

Entregaranse trofeos aos tres primeiros clasificados de cada categoría.

Todos os nadadores recibirán unha camiseta pola súa participación.

8.- SEGURIDADE

Durante todo o percorrido da Travesía, contarase coa colaboración da Cruz Vermella do Mar e Protección Civil.

9.- FINAL

O acto de inscrición supón a conformidade co presente regulamento.

PARA MAIS INFORMACIÓN, CONSULTA

A NOSA PAXINA WEB:

www.cncoruna.com